



CSIF, CCOO, CIG e ELA anunciamos un calendario de concentracións na Seguridade Social

O secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións, Borja Suárez Corujo, segue incumprindo o Acordo que el mesmo asinou

CONCENTRACIÓNS

- **Desde o 13 de SETEMBRO**
- **VENRES de 11:00 H a 11:30 H**

Se o Secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións, Borja Suárez Corujo, persiste na súa actitude de non cumprir o asinado por el mesmo o 16 de maio de 2023, verémonos forzados a adoptar simultaneamente calquera medida de acción sindical.

CSIF, CCOO, CIG e ELA, en unión sindical, vémonos obrigados a anunciar un calendario de mobilizacións no ámbito da Seguridade Social en todo o territorio do Estado con concentracións nos centros de traballo (sen descartar paros parciais e folga), tras o incumprimento sistemático, por parte do Secretario de Estado de Seguridade Social e Pensións, Borja Suárez Corujo, do Acordo que el mesmo asinou o pasado 16 de maio de 2023, por extensión do incumplido anteriormente de data 29 de novembro de 2018, polo que se establecen as condicións iniciais para a implantación dun plan estratéxico de recursos humanos na Administración da Seguridade Social.

CSIF, CCOO, CIG e ELA, que representamos o 68,68% do persoal público da Administración Xeral do Estado, denunciemos as difíciles condicións en que ten que realizar o seu traballo o cadro de persoal da Seguridade Social, persoal funcionario e persoal laboral, soportando un incremento permanente das cargas de traballo, dificultades por constantes modificacións normativas e novidades na xestión telemática e organizativa. Un persoal que nestas difíciles condicións realiza o mellor servizo público que pode prestar, con responsabilidade, pero sen ser agradecido nin recoñecido.

Centramos as nosas reivindicacións e exixencias con carácter prioritario en:

- **Ordenación de recursos humanos:** reorganización e actualización das relacións de postos de traballo, con identificación de áreas funcionais e de postos con traballo a distancia e/ou con lingua cooficial propia, que permita unha estrutura adaptada á realidade actual.
- **Produtividades:** revisión do modelo e repartición íntegra do orzamento existente, sen excepción e linealmente aos niveis 22 e inferiores, evitando que parte da masa salarial do persoal se continúe devolvendo a Facenda ano tras ano; a modificación da resolución de produtividade afectando a todo o persoal e que actualmente discrimina a persoal destinado nas Unidades de Recadación Executiva respecto da penalización por razóns de enfermidade xustificada por baixa médica; situación que debe ser revisada cara ao conxunto do persoal que presta servizos na Seguridade Social. Efectos destas medidas desde o ano 2023.



- **Provisión de postos:** convocatoria con carácter de urxencia dun **macro-concurso** para a cobertura da totalidade de postos de traballo vacantes ou con ocupación provisional afectando os niveis 22 e inferiores, antes da resolución de calquera Oferta de Emprego Público, priorizando a promoción interna ante a oferta libre. Estabilidade nas bases de convocatoria orientando este cara ao concurso aberto e permanente, situación que facilitaría a redistribución do persoal nos postos vacantes que se suceden coas xubilacións e que abocan a que haxa oficinas que queden practicamente baleiras.
- **Traballo a distancia con carácter voluntario:** a prestación de servizos nesta modalidade de organización do traballo durante dous días semanais en todas as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social, con vocación de ir ampliando os días a tres ou máis semanais, en liña co modelo implantado para o resto de persoal dependente do Ministerio e do resto de Departamentos Ministeriais onde se asumen funcións de igual ou similar características.
- **Revisión de complementos específicos e retribucións ligadas ao cargo:** dirixido á totalidade do cadro de persoal sen excepción, que reflictan a realidade actual da xestión da Administración da Seguridade Social, para adecuar as características de cada posto á responsabilidade que realmente levan e asumen a diario.
- **Estabilidade no emprego:** a cobertura definitiva das prazas ocupadas provisionalmente polos procedementos legalmente establecidos, cumprindo cos compromisos da Unión Europea en canto a redución da temporalidade no Sector Público até un máximo do 8% do cadro de persoal (prazo xa expirado e actualmente cifrado en máis dun 20%), cuxo incumprimento leva consigo penalizar economicamente as subvencións recibidas desde a UE; creación de **Bolsas de traballo** específicas no ámbito da Administración da Seguridade Social, para acceder a un sistema con todas as garantías e aproveitamento duns coñecementos mínimos da estrutura e tarefas a desempeñar dentro das Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social.

Seguimos exixindo:

- Resto de materias recollidas no Acordo do 16 de maio de 2023: revisión profunda da **Circular de Acción Social**, recuperación do proxecto de **Escola de Formación** e implantación de **itinerarios formativos** conforme as directrices e recomendacións do INAP e Función Pública, creación dos **Comités de Seguridade e Saúde provinciais** e reverter a política en materia de prevención, convocatoria do **Grupo de traballo de responsabilidade social**, plans de **Igualdade** e revisión de protocolos de actuación, e demandas do **Persoal fóra do convenio** no ámbito sanitario dependente do Instituto Social da Mariña e do IMSERSO.

Desde **CSIF**, **CCOO**, **CIG** e **ELA** entendemos que o incumprimento do Acordo aboca á Seguridade Social a realizar traballo en cantidade, sen os medios e organización necesarios. Estes sindicatos **avogamos por que a Seguridade Social preste un servizo público eficiente e unha atención á cidadanía de calidade** e, por iso, **iniciamos estas mobilizacións até que o Secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións, Borja Suárez Corujo, cumpra o Acordo que el mesmo asinou.**

As Leis e os Acordos son para cumprilos.

14 de agosto de 2024